



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE XULLO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de xullo de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado doce de xullo de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/C/53.1/16.-**

Visto o escrito presentado por **Dona Maria Teresa Rodríguez Estévez, con domicilio na rúa Palleiros nº 8, Ventosela**, onde solicita Licenza de Obras para a substitución da cuberta e outras intervencións dunha edificación adicada a adega no inmovible sito na rúa Palleiros nº 4, Ventosela, segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polo arquitecto Don José Benito Dávila Fuertes.

*Consta informe favorable da Arquitecta municipal de data 13 de xullo de 2016.  
Consta informe do Secretario Municipal de data 15 de xullo de 2016.*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

***Conceder licencia a Dona Maria Teresa Rodríguez Estévez, para a substitución da cuberta e outras intervencións dunha edificación adicada a adega no inmovible sito na rúa Palleiros nº 4, Ventosela.***

**1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*



A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Substitución de cuberta e outras.

**Contía na que se orzan as obras:** 26.544,70 €.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Palleiros nº 4.

**Nome ou razón social do promotor:** Dona Maria Teresa Rodríguez Estévez.

**Director de Obra:** Don José Benito Dávila Fuertes.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 26.544,70 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, por importe de 690,16 euros.

Importe execución material / coste da obra:	26.544,70 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	690,16 €	
Aboado por autoliquidación:	690,16 €	09-06-16
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	<b>0,00 €</b>	

## **OUTRAS CONDICIONS.-**

-A obra executarase conforme ao , segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polo arquitecto Don José Benito Dávila Fuertes.

-Deberá presentar designación do Coordinador de Seguridade e Saude.

## **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADADÁNS.-**

### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**



1.- Visto o escrito presentado por **Dona Beatriz Panizo Domínguez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 58, 1º esquerda, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 08-07-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Don Rodrigo Vieira López**, con domicilio na rúa do Carballiño nº 58, 1º, Ribadavia, na representación de Carnicerías Rodrigo S.L., no que comunica a baixa da sociedade con data 30.06.2016, polo que solicita o cambio de titularidade da concesión dos postos núm. 3 e 4 da planta semisoto da Praza de Abastos, para carnicería (venta de carne e derivados), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, pasando a concesión dos posto nº 3 e 4, planta semisoto, a nome de Rodrigo Vieira López, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xefatura Territorial do Servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Resolución de concesión de subvención para a realización do obradoiro de emprego denominado "A Ribeira", por importe de 179.134,20 euros, para 20 alumnos/traballadores.

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Dona Chaveli Domínguez Cendon, procedemento abreviado núm.0000167/2016E, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.04.2016, relativo a aprobación de bases para a contratación laboral temporal, a



xornada completa, a través da modalidade contractual de servizo determinado, dun peon para o Grupo de Emerxencias Supramunicipais (G.E.S.), co sede en Ribadavia e solicitando a remisión do expediente administrativo. A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.

- De Sogama, escrito de data 13 de xullo pasado, relativo a diversos autos dictados polo Tribunal Constitucional sobre reclamacións de débedas en relación o pago a dito organismo.

- Do Servizo Municipal de Deportes, acta de xuntanza ordinaria do Consello Municipal de Deportes de data 05.07.2016.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE XESTION DE ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes relativa a necesidade de proceder á seguinte contratación: Xestión de actividades físico-deportivas do Consello municipal de deportes.

Visto o Prego de Prescricións Técnicas que van a rexer o contrato administrativo de xestión de actividades-físico deportivas do Consello municipal de deportes do Concello de Ribadavia, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12.07.2016.

Tendo en conta a fiscalización previa efectuada pola Intervención municipal e no uso das atribucións previstas no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei do Contrato do Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro (en adiante TRLCSP) e vista a proposta presentada pola empresa Mouxion S.L. con data 15.07.2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

1º.- Adxudicar o contrato menor denominado " Xestión de actividades físico-deportivas do Consello municipal de deportes" a empresa MOUXION S.L., con domicilio na domicilio na rúa Chano Piñeiro, 4, bloque K, 2º, Ourense, polo importe de 17.900 máis I.V.E., , coas seguintes condicións:

a) Deberá axustarse o establecido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen o referido contrato, o cál declarará coñecer e aceptar a empresa na súa integridade.

b) O adxudicatario facturara mensualmente en función das prestacións deportivas efectivamente realizadas. Por elo, a facturación axustarase , según o numero de horas realizadas ao prezo do contrato.

Para o abono do prezo mensual do contrato, o adxudicatario debera presentar nos dez primeiros días do mes seguinte a factura mensual desglosando o numero de horas realizadas por actividade o importe total , que debera acompañar no informe mensual . Punto 4.2 do prego.

c) Melloras: As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.

d) A prestación do servizo comenza o día 19 de setembro de 2016 ata o 30 de xuño de 2017.



2º.- Notificar o presente acordo o interesado e os servicios de Intervención e Tesoureria.

**NOMEAMENTO DE AVOGADO .-**

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Dona Chaveli Domínguez Cendon, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.0000167/2016E, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.04.2016, relativo a aprobación de bases para a contratación laboral temporal, a xornada completa, a traves da modalidade contractual de servicio determinado, dun peon para o Grupo de Emerxencias Supramunicipais (G.E.S.), co sede en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamiento no recurso contencioso-administrativo presentado por Doa Chaveli Domínguez Cendón, contra o referido acordo.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

**ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2016.-**

Dase conta da proposta de Dona Maria López Touza como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: MATARILE TEATRO,os días 21, 22 e 25 de xullo”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**